



ASOCIACION MUSICAL COSTA DA MORTE

A finais do 2.023 nunha xuntanza de varios músicos e amigos, cun obxectivo común centrado na promoción da cultura musical do noso territorio, decidiuse crear unha asociación formada integramente por músicos e persoal vinculado á música (técnicos, mestres, etc.). Así, a mediados do 2.024 foi constituída a ASOCIACION MUSICAL COSTA DA MORTE.

Os principais obxectivos e pretensións desta entidade e dar a coñecer en toda a Comunidade Galega, o gran potencial musical que temos nesta zona tan recoñecida a nivel mundial. Non importa o estilo musical que se interprete; non importa cantos membros integren as agrupacións musicais, o que realmente importa e que TODO o que se está facendo musicalmente na COSTA DA MORTE, se potencie e difunda por toda GALICIA.

Outra das funcións que terá esta asociación será buscar o patrocinio, apoio económico e/ou loxístico das distintas administracións, e todo tipo de axudas destas ou doutras entidades que poidan estar interesadas nas actividades que desenvolve esta asociación, para que a mesma poida dotarse de material e recursos que lle permitan: facilitar o camiño a novas formacións; crear eventos periódicos de relevancia, no que a parte de algunha banda de renome, participen os grupos que pertencen á Asociación; así como contactar con músicos profesionais, mestres de música, técnicos de son, enxeñeiros de estudio de gravación, etc., para ofrecer charlas formativas ós membros da Asociación.

Búscase, sobre todo, achegar a música a todos os públicos coa finalidade de fomentar o compañeirismo, a diversión, os espectáculos en vivo e para pasar un bo rato e tamén para aprender uns doutros.